



BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE UN ORIENTADOR LABORAL, UN CONDUTOR DE CAMIÓN, UN AUXILIAR ADMINISTRATIVO

1. OBXECTO

O obxecto das presentes bases é regula-la contratación temporal de tres traballadores/as de conformidade coas Bases e Convocatoria da Orde do 14 de xullo de 2016 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2016.

Os 3 traballadores a seleccionar serán un orientador laboral (grupo de cotización 1), un auxiliar administrativo (grupo de cotización 7), un condutor (grupo de cotización 8) para a realización de traballos relacionados co perfil de cada posto.

Terán que cumplir os requisitos de ser persoas desempregadas inscritas no Servicio Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumplirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal.

Os traballadores e traballadoras que fosen contratados por un periodo igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2015 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde.

A modalidade contractual que se empregará será a de obra ou servizo determinado de interese social en xornada completa. As retribucións que lle correspondan ao persoal contratado o serán en base ao III Convenio Colectivo Único para o Persoal Laboral da Administración Pública, publicado no BOE nº 273, de 12/11/2009.

Os contratos terán unha duración de seis meses.

A data prevista de inicio dos contratos é o 7 de novembro de 2016.

2. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES

Para tomar parte na selección será preciso reunir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitudes, e que estean debidamente xustificados:

➤ Requisitos xerais:

- Ter a nacionalidade española ou atoparse comprendido no eido de aplicación do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.



- Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin se atopar en estado de inabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaban no caso do persoal laboral, do que fora separado ou inabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non estar inabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

➤ **Requisitos específicos:**

- Ser desempregado inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupado e que esté dispoñible para o emprego.
- Ser convocado pola Oficina de Emprego de O Porriño mediante notificación oficial deste organismo.
- Asimesmo, será requisito que nos últimos doce meses non tivesen contratos laborais temporais co Concello de Salceda de Caselas.
- Non ter sido contratado por un periodo igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2015 pola Consellería de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.
- Para o posto e orientador/a laboral: deberán posuir o título de licenciado universitario ou título de grao en algunha das seguintes titulacións: Psicoloxía, Psicopedagoxía, Pedagoxía, Socioloxía, Ciencias Políticas e Socioloxía (Secc. Socioloxía), Educación Social, Ciencias do Traballo, Traballo Social, Relacións Laborais ou Graduado Social.
- Para o posto de conductor: deberán acreditar estar en posesión do permiso de conducción clase C e certificado de escolaridade ou titulación superior.
- Para os postos de Auxiliar Administrativo: deberán posuir o título de graduado en educación secundaria obligatoria, ou ben de graduado escolar, ou título superior ou equivalente.



3. SISTEMA DE SELECCIÓN E BOLSA DE TRABALLO

O Concello de Salceda de Caselas solicitará 5 traballadores por posto mediante a presentación da correspondente oferta de emprego na Oficina Pública de emprego de O Porriño, facendo referencia aos requisitos e características que deben reunir os traballadores que se contratarán.

A Oficina Pública de Emprego de O Porriño notificará aos candidatos preseleccionados a oferta de emprego e nesta notificación achegaralle certificado de períodos de inscrición como demandantes de emprego.

A selección realizarase mediante o sistema de concurso, no que se valorarán os méritos presentados polos/as aspirantes de conformidade co recollido nas presentes bases.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o Concello necesite algúñ/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria poderá acudir a dita bolsa para cubrir postos que queden vacantes por calquera circunstancia antes da finalización do contrato. Entón acudirá a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as por orde de puntuación no concurso, e así sucesivamente.

No suposto de que conste en poder do Concello documentación acreditativa conforme a persoa que vai ser chamada para o posto xa está traballando, ben sexa para o propio Concello, para calquera outra administración ou para unha empresa privada, entón non se procederá ao seu chamamento, pasando a seleccionarse á persoa seguinte da lista. Asímesmo, pasarase a chamar ó/á seguinte da lista, no suposto de que algúñ/ha persoa seleccionada para o posto non xustifique a documentación requirida no punto 8 das presentes bases, quedando excluído/a definitivamente da bolsa.

A duración desta bolsa será polo tempo que dure o servizo subvencionado.

4. DOCUMENTACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes formalizaranse no **modelo de instancia (Anexo I)** que se xunta a estas bases e deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Salceda de Caselas, **con data límite o 27 de outubro de 2016** sendo o horario de presentación da documentación: de luns a venres: 9:00 a 14:00 h.

Xunto coa instancia deberán achegar a seguinte documentación:

- Copia compulsada do D.N.I ou documento que acredite a súa nacionalidade.
- Certificado de períodos de inscrición coma demandante de emprego.
- Acreditación de estar en posesión da titulación esixida en función do posto ao que se opta. Os requisitos de titulación establecense na base 2ª. Achevarase copia compulsada. No caso de titulación obtida no estranxeiro, deberá aportarse o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- Anexo II.** Relación de méritos que alega e documentación xustificativa de cada un deles. Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias, non téndose en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.
- Anexo III.** Declaración de non ter sido contratado por un período igual ou superior a seis meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2015 pola Consellería



de Traballo e Benestar no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas. E declaración de non haber traballado para o Concello de Salceda de Caselas nos últimos doce meses contados dende a data de presentación da solicitude.

-**Anexo V.** Declaración de responsabilidades familiares.

5. BAREMO XERAL DE MÉRITOS

O baremo aplicado na valoración de méritos será o seguinte:

➤ Circunstancias persoais:

-Por ser muller: 1 punto.

-Por ser muller e ter a condición de vítima de violencia de xénero: 1 punto. Para acreditar esta condición deberá facelo de conformidade co artigo 5 da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para prevención e tratamento integral da violencia de xénero.

-Por ter menos de 30 anos: 1 punto.

-Por ter menos de 30 anos e ser demandante do primeiro emprego ou aqueles sen cualificación profesional: 1 punto. (Acreditarase co certificado do SEPE)

-Pessoas paradas de longa duración (máis de doce meses): 1 punto.

-Pessoas con discapacidade igual ou superior o 33% non impeditiva para realizar o posto de traballo solicitado (Acreditarase co certificado acreditativo de discapacidade): 1 punto.

-Pessoas desempregadas maiores de 45 anos: 1 punto.

-Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia (Aportar certificado dos servicios sociais do Concello de Salceda de Caselas): 1 punto.

-Menor nivel de protección por desemprego: persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito: 1 punto. (Acreditarase co certificado do SEPE)

-Existencia de responsabilidades familiares. Entendendose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrate: o/a cónxuge (0,5 puntos), fillos e fillas menores de vinte e seis anos (0,5 puntos) ou maiores con discapacidade (0,5 puntos), persoas maiores incapacitadas (0,5 puntos) ou menores en acollemento (0,5 puntos). (Acreditaranse mediante certificados do SEPE e da Seguridade Social)

➤ Formación especializada:

Pola participación en cursos de postgrao, másters, cursos, xornadas, congresos, seminarios ou impartición dos mesmos, organizados por organismos públicos ou por empresas privadas, tendo neste último caso que estar os cursos debidamente homologados ou avalados por un organismo público, sempre que teñan relación directa coas funcións propias da praza que se convoca, ata un máximo de 2,75 puntos, baremados a razón de 0,01 puntos por cada hora de curso ou xornada.

No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos valoraranse a razón de 0,01 puntos.



Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos recibidos ou impartidos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos. Cando se presenten xustificacións de cursos con contidos sustancialmente similares, só se valorará o de maior duración.

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse documentación xustificativa de ter finalizado o curso, ben sexa a través do diploma expedido pola entidade organizadora ou mediante copia compulsada por Notario ou polo Concello de Salceda de Caselas.

No suposto de que o curso non se rematara por abandona-lo por colocación, ou porque áinda se estea impartindo, entón puntuaranse os módulos terminados satisfactoriamente, en funcións das horas asistidas.

Para xustificar a impartición de cursos ou asistencia a xornadas, deberá presentarse documentación acreditativa de dita impartición (certificado da entidade para a que se actuou coma docente, cos datos da persoa interesada, e do curso e título, materias impartidas, datas e horas de impartición).

➤ ***Outra formación:***

-Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

Curso oral de galego ou certificación de aptitude do Celga 1: 0,10 puntos.
Certificación de aptitude do Celga 2: 0,15 puntos.

Curso de iniciación ó galego ou certificación de aptitude do Celga 3: 0,20 puntos.

Curso de perfeccionamento ou certificación de aptitude do Celga 4: 0,25 puntos.

Certificación acreditativa do Celga 5 ou equivalente: 0,30 puntos.

-Polo permiso de conducción clase B: 0,5. Este mérito non será obxecto de valoración para o posto de operario condutor.

-Polo curso de prevención de riscos laborais. Valorarase con 0,15 puntos o curso básico, con 0,25 puntos o curso intermedio e 0,35 puntos o curso superior.

En caso de aportar certificación de varios cursos, só se valorará o de maior puntuación.

Para a acreditación destes méritos terá que aportarse certificación ou copia cotexada por Notario ou polo Concello de Salceda de Caselas do diploma expedido pola entidade organizadora. En ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.

6. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O tribunal, que terá como función a valoración dos méritos alegados polos/as aspirantes presentados/as, estará integrado polos seguintes membros, todos eles con voz e dereito a voto excepto o Secretario:

-Presidente: Unha funcionario/a da Corporación e suplente designado polo Presidente da Corporación.

-Secretario/a: Unha funcionario/a do concello (sen voto), e suplente designado polo Presidente da Corporación.

-Vogais: Tres membros (personal funcionario ou laboral), e suplentes designados polo Presidente da Corporación.



A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

De acordo co establecido no artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes.


En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino, o persoal eventual.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningúén.

O tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou dos que legalmente os substitúan.

O tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para os supostos en que así o estimen necesario ou conveniente. Os ditos asesores, actuarán con voz e sen voto limitándose ao exercicio das especialidades técnicas en base ás cales colaboran no respectivo tribunal.

Os membros do tribunal, así como os asesores ou colaboradores, que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, ao pagamento de asistencias na contía establecida de conformidade co previsto no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, tendo en conta as actualizacións desta, vixentes na data da realización das probas, agás que estean prestando servizos nesta entidade local.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, tódalas dúbidas e propostas que se produzan para a aplicación das normas contidas nestas bases, e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a valoración dos méritos.

7. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as ó concurso, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello e na sua páxina web, xunto con esta lista o Tribunal publicará a valoración dos méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as.

Indicarase un prazo de dous días hábiles para a enmenda, este prazo de subsanación de defectos comezará a contarse desde o dia seguinte ao da publicación da resolución no taboleiro de anuncios. No caso de non existir candidatos excluidos nin que precisen do trámite de enmenda, dictarase unha soa resolución coa lista definitiva de aspirantes admitidos, composición do tribunal e data e hora en que se constituirá.

Para o caso de empate na puntuación final, darase preferencia a aquel candidato que teña máis tempo coma demandante de emprego. Este extremo será comprobado polo Tribunal de Selección a través do certificado de períodos de

inscripción coma demandante de emprego. De proseguir o empate darase preferencia ao candidato que acadase maior puntuación no apartado de valoración de méritos de circunstancias persoais, de proseguir o empate darase preferencia ao candidato que acadase maior puntuación no apartado de valoración de méritos de formación especializada.

Tendo en conta as especiais características do posto e a súa temporalidade, estimase, que o procedemento de selección dos aspirantes será o concurso debendo o Tribunal valorar os méritos presentados polos aspirantes, neste caso a selección dos candidatos será por orden decrecente atendendo a puntuación obtida, pero tendo en conta o establecido no artigo 10.3.d. da Orde 14 de xullo de 2016 "Asignado o número final de contratacóns, as entidades locais beneficiarias realizarán as contratacóns de tal forma que polo menos a mitade das que realice cada concello sexan mulleres e persoas menores de 30 anos, salvo que a oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia xustifique que non existen persoas candidatas de tales colectivos en número suficiente para atender a oferta".

O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado no taboleiro de edictos e na paxina web do Concello.



8. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Os/As aspirantes propostos/as presentarán no rexistro do concello, no prazo de dous días hábiles contados desde o seguinte á publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web a seguinte documentación:

- Informe médico ou certificado acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opta.
- Copia compulsada polo Concello de Salceda de Caselas ou polo Notario da tarxeta da seguridade social.
- Certificado orixinal de titularidade de conta bancaria.

Anexo IV. Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o/a aspirante proposto/a non presentase o informe ou certificado médico ou este fose desfavorable, entón o/a aspirante non será nomeado para a praza.

Se o informe da mutua que presta servizos para o Concello fose desfavorable, aínda que fose emitido con posterioridade ao nomeamento, o/a aspirante non será nomeado para a praza, e que no caso de que xa fose nomeado será cesado da mesma, quedando anuladas tódalas súas actuacións.

Neste suposto procederase a chamar á persoa seguinte da lista (segundo a orde de puntuación resultante do proceso selectivo), tendo tamén que acreditar, segundo o procedemento descrito, as circunstancias contempladas no presente artigo.



9. NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Xustificada a documentación sinalada no artigo anterior e , previa fiscalización preceptiva da Intervención municipal, formalizarase o contrato entre o Sr. Alcalde do concello e os/as aspirantes seleccionados/as. Ata que se formalice o mesmo e se incorpore ó posto, os/as aspirantes non terán dereito á percepción económica algunha.


O acordo definitivo que adopte Alcaldía será publicado no taboleiro de anuncios do concello e na paxina web, para coñecemento de tódolos/as aspirantes, que poderán interpoñer los recursos previstos na vixente lexislación.

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Así mesmo, a Xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, pode interpoñer, alternativamente, ou un recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, ante o alcalde, ou un recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso - Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao de publicación do anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso - administrativa. Se optase por interpoñer un recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer un recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo isto sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese considerar máis conveniente para o seu dereito.

Tocante ao non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, o Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego público, o Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, así como pola restante normativa estatal ou autonómica vixente que sexan de aplicación por razón da materia.

Salceda de Caselas, 13 de outubro de 2016



Marco David Besada Pérez